

## **Orde do 17 de marzo de dous mil catorce pola que se regula a xestión e a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo**

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o xogo realizado a través de máquinas ven regulado pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, do xogo de Galicia, aprobada polo Parlamento de Galicia en virtude das competencias establecidas no artigo 27.27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e está incluído no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 116/1986, do 4 de xuño. En exercicio da potestade regulamentaria prevista no artigo 22 c) da Lei 14/1985, a Xunta, por Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, aprobou o Regulamento de máquinas recreativas e de azar da Comunidade Autónoma de Galicia.

A organización, celebración ou realización do xogo a través de máquinas de xogo ven gravada pola taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo, tributo estatal creado polo Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas.

Polo que respecta á taxa fiscal cómpre sinalar que é un tributo estatal, cuxo rendemento está cedido ás Comunidades Autónomas dende a Lei 30/1983, do 28 de decembro, de cesión de tributos do Estado ás Comunidades Autónomas. Actualmente a norma que rexe a cesión dos tributos estatais ás Comunidades Autónomas é a Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias. En virtude das competencias normativas recoñecidas nesta lei, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou mediante o Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (TRTC), modificado posteriormente polas leis 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia e 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade

Autónoma de Galicia para o ano 2013, e recentemente pola Lei 11/2013, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. Así, en relación á taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo, as normas legais aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia veñen recollidas no Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar e apostas (respecto ao feito imponible e ao suxeito pasivo) e no TRTC, no que se regulan o resto dos elementos esenciais do tributo e máis os aspectos de liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar. O artigo 31, establece que a consellaría competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben e que, así mesmo, poderá dispoñer a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios electrónicos.

A Lei 11/2013, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, modifica o sistema tributario da taxa fiscal sobre xogo realizado a través de máquinas de xogo que pasa a ter un devengo trimestral, fronte ao devengo anual que existía ata agora.

Esta modificación normativa fai necesaria a promulgación dunha nova orde que recolla a normativa xa existente ata o de agora, máis os cambios que se producen pola nova tributación da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo.

A presente orde, está estruturada en dous Títulos, sete disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, unha disposición derradeira e sete anexos. O primeiro Título, denominado disposicións xerais, establece as disposicións xerais de aplicación e contén catro artigos. O Título II, denominado obrigas tributarias, divídese en catro capítulos: o capítulo I, composto por un artigo, regula as disposicións comúns; o capítulo II, composto por dous artigos, regula a declaración informativa de máquinas de xogo; o capítulo III, composto por tres artigos, regula a autoliquidación trimestral de máquinas en explotación, o seu pagamento e a súa presentación ante a

ATRIGA e o capítulo IV, composto por dous artigos regula os xustificantes de pagamento e presentación de declaracións e autoliquidacións.

En virtude do exposto, de acordo co establecido no artigo 38.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e en virtude das competencias normativas que o artigo 50 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, outorga sobre os aspectos de aplicación dos tributos sobre o xogo, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 17/2010, do 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións de dita cesión, e consonte coas habilitacións establecidas no artigo 31 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado por Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, e de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia

## **DISPOÑO:**

### **Título I. Disposicións xerais.**

#### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

A presente orde ten por obxecto a regulación do cumprimento das obrigas tributarias concernentes á taxa fiscal que grava a autorización, celebración ou organización de xogos de sorte, envite ou azar realizados mediante máquinas de xogo, cuxo rendemento corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia e aplicarase a tódolos obrigados tributarios da taxa fiscal citada nas súas relacións coa Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

#### **Artigo 2.- Obriga de declaración, presentación e pagamento electrónicos.**

Os suxeitos pasivos deberán cumprir as obrigas tributarias concernentes á taxa que grava a autorización, celebración ou organización de xogos de sorte, envite ou azar realizados mediante máquinas de xogo ás que se refire esta orde, por medios electrónicos. Para isto,

deberán empregar as aplicacións informáticas que a Atriga poña á súa disposición na Oficina Virtual Tributaria (OVT), nas condicións e consonte cos procedementos previstos nesta orde.

### **Artigo 3.- Usuarios autorizados.**

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, as aplicacións informáticas deste tributo poderán ser empregadas polos usuarios que se relacionan a seguir, sempre que sexan previamente autorizados pola dirección da Atriga:

- a) Os suxeitos pasivos que dispoñan do correspondente certificado de usuario outorgado pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda (FNMT-RCM) para a presentación e pagamento dos seus propios tributos, ou doutras autoridades certificadoras admitidas pola consellería competente en materia de facenda, e que previamente fosen autorizados pola dirección da Atriga para a presentación e pagamento electrónico destes ingresos.
- b) Os membros dos colexios profesionais, as entidades privadas, así como as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, que subscribisen coa administración tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia o correspondente convenio de colaboración, nos termos acordados neste.

2. Os usuarios anteriores, para poder empregar as aplicacións informáticas sinaladas, deberán presentar ante a dirección da Atriga, unha solicitude de autorización xunto cunha ficha de usuario, axustadas aos modelos que contén o Anexo I, con anterioridade ao primeiro prazo no que deban cumprir as obrigas tributarias referidas a este tributo. Outorgarase a autorización a todos aqueles que reúnan as condicións establecidas no punto anterior.

### **Artigo 4.- Aprobación de modelos en formato electrónico.**

1. Apróbanse os modelos en formato electrónico que figuran nos Anexos II, III e IV desta orde e que se relacionan a seguir, para os efectos da aplicación da taxa fiscal que grava os xogos de sorte, envite ou azar, realizado mediante máquinas de xogo:

Modelo D-046.- Modelo de declaración informativa de máquinas de xogo.

Modelo 045.- Modelo de autoliquidación da taxa fiscal do xogo realizado mediante máquinas de xogo.

Modelo 046.- Modelo resumo de autoliquidacións presentadas da taxa fiscal do xogo realizado mediante máquinas de xogo.

2. Os modelos aprobados no apartado anterior son de uso obrigatorio na Comunidade Autónoma de Galicia para tódolos suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar devengada por máquinas de xogo suxeitas ao pagamento do devandito tributo.

## **Título II. Obrigas tributarias.**

### **Capítulo I. Disposicións comúns.**

#### **Artigo 5.- Prazos para o cumprimento das obrigas tributarias.**

1. Os suxeitos pasivos deberán cumprir as obrigas tributarias ás que se refire esta orde correspondentes a cada trimestre natural, nos vinte primeiros días naturais seguintes á finalización do dito trimestre, de xeito que:

- a) no prazo 1, do 1 ao 20 de abril de cada ano, cumpriranse as obrigas tributarias correspondentes ao primeiro trimestre natural do ano.
- b) no prazo 2, do 1 ao 20 de xullo de cada ano, cumpriranse as obrigas tributarias correspondentes ao segundo trimestre natural do ano.
- c) no prazo 3, do 1 ao 20 de outubro de cada ano, cumpriranse as obrigas tributarias correspondentes ao terceiro trimestre natural do ano.
- d) no prazo 4, do 1 ao 20 de xaneiro de cada ano, cumpriranse as obrigas tributarias correspondentes ao último trimestre natural do ano anterior.

2. Os prazos anteriores entenderanse prorrogados ata o primeiro día hábil seguinte, no suposto de que o último día do período fose día inhábil ou sábado.

### **Capítulo II. Declaración informativa de máquinas de xogo.**

#### **Artigo 6. Contido da declaración informativa.**

1. Durante cada un dos prazos establecidos no artigo 5, os suxeitos pasivos deberán presentar electronicamente ante a Atriga unha declaración informativa das máquinas de xogo que tiveran en explotación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia ao longo do trimestre ao que se refira a declaración.

2. Mediante a declaración informativa comunicarán os datos aos que se refire o Anexo V, correspondentes ás máquinas de xogo:

a) das que eran titulares o primeiro día do trimestre á que se refira a declaración, e que estiveran en situación administrativa de alta, tivera sido aprobada administrativamente, ou ben solicitada e pendente de aprobación.

b) das que eran titulares o primeiro día do trimestre á que se refira a declaración e que estando o primeiro día do trimestre en situación administrativa de baixa temporal foran rehabilitadas ou polas que tivera presentado as solicitudes correspondentes polo reinicio de explotación ao longo do trimestre.

c) de nova autorización concedidas ao longo do trimestre á que se refira a declaración.

d) adquiridas ao longo do trimestre en situación de baixa temporal e rehabilitadas ou polas que tivera presentado as solicitudes correspondentes polo reinicio de explotación ao longo do trimestre.

3. Cando se producira un suposto de troco de máquinas autorizado ao longo do trimestre e variaran as características da autorización que as ampara, na declaración informativa á que se refire este artigo incorporarase a información correspondente aos valores máximos ao longo do trimestre natural do prezo de partida e do número de xogadores.

4. Para realizar a declaración informativa, os suxeitos pasivos empregarán o modelo D-046 que conformarán coa aplicación informática que a Atriga poña á súa disposición na OVT, consonte coas instrucións aprobadas a este respecto no propio modelo e nas condicións e de acordo co procedemento establecido no artigo seguinte.

**Artigo 7. Procedemento para a confección e presentación electrónica da declaración informativa.**

1. Os suxeitos pasivos, para cumprir a obriga establecida no artigo anterior, accederán á OVT onde poderán aceptar os datos propostos pola aplicación informática ou ben incorporar os datos procedentes dun arquivo que terá as especificacións técnicas e o contido que se detallan no anexo VI desta orde, consonte co sinalado no punto seguinte.

2. Para realizar a carga dos datos procedentes do arquivo ao que se refire o punto anterior, os suxeitos pasivos deberán empregar a aplicación de Subida de Arquivos que se lles habilitará na OVT. Unha vez transmitido o arquivo, aparecerá unha mensaxe informativa do resultado da carga. O arquivo poderá ser enviado as veces que sexan necesarias, prevalecendo sempre os datos contidos no último arquivo remitido.

3. A aplicación informática mostrará o modelo D-046 debidamente cuberto, cos datos previamente validados polo suxeito pasivo, debendo ser confirmado por este, momento no que se lle asignará un número identificativo do modelo.

4. Unha vez confirmado o modelo D-046, o suxeito pasivo deberá proceder á presentación electrónica, de xeito que transmitirá os datos da declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado. A presentación do modelo D-046 producirase de xeito simultáneo á presentación das autoliquidacións á que se refire o artigo 10 e consonte co disposto nel.

### **Capítulo III. Autoliquidación trimestral de máquinas en explotación.**

#### **Artigo 8. Procedemento electrónico para a realización electrónica da autoliquidación.**

1. Os suxeitos pasivos deberán presentar en cada un dos prazos establecidos no artigo 5 que procedera, unha declaración por cada máquina que tiveran en explotación ao longo de cada trimestre natural, e deberán autoliquidar e ingresar a cota trimestral legalmente establecida que lles corresponda segundo a tipoloxía e as características da autorización da máquina, xa se trate de máquinas autorizadas en trimestres anteriores ao de devengo, de máquinas con nova autorización que foran autorizadas ao longo do trimestre, ou de máquinas que o primeiro

día do trimestre natural estiveran en situación administrativa de baixa temporal e se rehabilitaran ao longo do trimestre. A cota trimestral que se autoliquidará será a que corresponda ao maior número de xogadores e ao maior prezo de partida que amparara a autorización no trimestre natural ao que se refira a declaración.

Cando se producira un suposto de troco de máquinas autorizado ao longo do trimestre presentarase unha única declaración pola autorización que amparara ambas máquinas. Se variaran as características da autorización que as ampara, a cota calcularase tendo en conta o maior número de xogadores e o maior prezo de partida que amparara a autorización no trimestre natural ao que se refira a declaración.

Cando ao longo do trimestre natural se producira unha modificación no prezo máximo regulamentario da partida de máquinas, a cota trimestral que se autoliquidará será a que correspondera ao novo prezo máximo regulamentario da partida.

2. Para realizar a confección das autoliquidacións, o suxeito pasivo deberá utilizar os datos facilitados pola propia administración a través da aplicación informática consonte cos datos procedentes do arquivo ao que se refire o artigo 7 desta orde empregado tamén para a confección do modelo D-046.

Para isto empregarán a aplicación informática que a Atriga poña á súa disposición na OVT, nas condicións e de acordo co procedemento establecido neste artigo.

3. Os suxeitos pasivos accederán á OVT e iniciarán a aplicación informática para a confección das autoliquidacións correspondentes. A aplicación informática mostraralle o resumo dos datos das máquinas para as que pretende pagar o tributo e presentar a autoliquidación correspondente, consonte cos datos que previamente incorporou no modelo D-046. Se apreciara algún erro ou precisara facer calquera modificación deberá realizala na aplicación informática. A aplicación informática recalculará a débeda tributaria e mostrará en pantalla o resumo cos novos datos. O suxeito pasivo, para concluír o proceso, deberá confirmalo.

4. A aplicación informática mostrará dun xeito agregado os datos correspondentes ás máquinas das que se pretende presentar a súa autoliquidación, co cálculo da débeda tributaria



total correspondente e o importe a ingresar. Confirmados os datos polo suxeito pasivo xerarase o modelo 046, que virá cuberto só polo que respecta aos datos anteriores. Este modelo supón a confección de tantos modelos 045 como máquinas agrupe, cubertos cada un deles polo que respecta aos datos correspondentes a cada unha das máquinas. Cada unha das autoliquidacións suporá a liquidación e a obriga de ingreso da cota trimestral legalmente establecida.

### **Artigo 9. Procedemento electrónico para o pagamento da débeda tributaria.**

1. Unha vez xerado o modelo 046 consonte co artigo anterior, o suxeito pasivo deberá proceder ao pagamento da débeda tributaria recoñecida nel.

2<sup>1</sup>. A aplicación informática xerará unha única carta de pago por modelo 046, correspondente ás débedas tributarias dos modelos 045 que apoie. A estes efectos, a carta de pago que xerará a aplicación acumulará todos os importes a ingresar de cada unha das autoliquidacións correspondentes ás máquinas que o suxeito pasivo vaia presentar na Atriga. O suxeito pasivo deberá ou ben realizar o pago da cantidade resultante da carta de pago, de calquera das formas sinaladas neste artigo ou ordenando a súa domiciliación, ou ben marcar no propio modelo 046 que vai solicitar o aprazamento ou o fraccionamento da débeda de acordo coa normativa xeral tributaria. Neste último caso, deberá presentar ante a Atriga unha solicitude expresa de aprazamento ou fraccionamento na forma, lugar e prazo e cos requisitos e consecuencias sinalados na normativa de aplicación e sen que poida entenderse presentada aquela con a presentación electrónica do modelo 046 e as autoliquidacións que apoia

3. Os suxeitos pasivos poderán ingresar a débeda de calquera das formas seguintes:

- a) mediante ingreso presencial da cantidade correspondente en calquera das entidades colaboradoras autorizadas pola consellería competente en materia de facenda para o cobro de autoliquidacións presentadas electronicamente. O ingreso formalizarase mediante a carta de pagamento que para estes efectos xerará a aplicación informática

---

<sup>1</sup> Modificada pola Orde do 10 de decembro de 2019 pola que se establecen o procedemento e as condicións para a domiciliación do pagamento de determinadas débedas cuxa xestión ten atribuída a Axencia Tributaria de Galicia (DOG num. 242, do 20 de decembro de 2019)

e que previamente deberá imprimir o suxeito pasivo. Unha vez realizado o pagamento, a entidade colaboradora facilitará un número de referencia completo (NRC) identificativo do ingreso realizado que será requirido posteriormente pola aplicación informática para completar a presentación.

- b) mediante pagamento electrónico. O suxeito pasivo accederá ás aplicacións específicas a través da páxina web da Atriga e efectuará o pagamento das correspondentes autoliquidacións que ampara a carta de pagamento á que se refire este artigo, a través das entidades colaboradoras autorizadas pola consellería competente en materia de facenda para o pagamento electrónico. A entidade efectuará as comprobacións oportunas e aceptará ou rexeitará o cargo. No caso de ser aceptado o cargo, efectuará o abonamento na correspondente conta restrinxida de recadación de tributos e xerará o correspondente NRC.

4. O número de referencia completo (NRC) ao que se refire o apartado anterior, é un código xerado informaticamente pola entidade de depósito mediante un sistema criptográfico que permitirá asociar a carta de pagamento correspondente ás autoliquidacións presentadas simultaneamente por un mesmo suxeito pasivo ao pagamento dela derivado. O NRC está composto por 22 posicións co seguinte contido: Posicións 01-13: alfanuméricas, corresponden ao número de xustificante da carta de pagamento á que se refire o punto 2 deste artigo. Posición 14: alfanumérica, corresponde a un carácter de control adicional. Posicións 15-22: caracteres de control. As normas técnicas de xeración do NRC figuran no Anexo VII a esta orde.

5. A xeración do NRC pola entidade de depósito implicará:

- a) Que o recibo no que figura responde a un ingreso realizado na entidade de depósito que o expide.
- b) Que o devandito recibo corresponde ás autoliquidacións incorporadas na carta de pagamento a que fai referencia e non a outra.
- c) Que a partir do momento de xeración deste, queda a entidade de depósito obrigada fronte á Facenda da Comunidade Autónoma polo importe que figura na devandita carta

de pagamento, quedando o contribuínte liberado da súa obriga de pagamento fronte á citada Facenda.

6. Unha vez xerado o correspondente NRC, salvo que fora anulado consonte coa normativa tributaria en materia de recadación, non se admitirá a retrocesión do pagamento por parte da entidade de depósito, debendo presentar o suxeito pasivo, de ser o caso, ante a Atriga, as correspondentes solicitudes de devolución de ingresos indebidos adecuadamente fundamentadas. Pola súa parte, a entidade de depósito deberá realizar o pagamento na conta restrinxida de recadación con carácter previo á xeración do citado NRC.

7. Unha vez realizado o ingreso resultante da carta de pagamento, a entidade colaboradora devolveralle ao interesado, debidamente validado, o exemplar correspondente, que servirá como xustificante do ingreso realizado.

#### **Artigo 10. Procedemento electrónico para a presentación electrónica das autoliquidacións.**

1. Unha vez realizado o pagamento da débeda total ou marcada no modelo 046 a solicitude de aprazamento, para concluír co proceso, o suxeito pasivo deberá proceder á presentación do modelo 046 electronicamente, de xeito que transmitirá os datos del coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado dixital recoñecido. Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado. A presentación do modelo 046 suporá a presentación dunha autoliquidación por cada unha das máquinas amparadas pola súa correspondente autorización que o suxeito pasivo determinara na aplicación informática e máis a presentación do modelo D-046 empregado para a confección daqueles.

2. Se a presentación electrónica é aceptada, a aplicación devolveralle ao suxeito pasivo en pantalla o modelo 046 debidamente cuberto, co seu número de identificación, cos datos declarados, os modelos 045 coas autoliquidacións de cada débeda tributaria, cos datos correspondentes ao ingreso realizado, de ser o caso, así como o modelo D-046, debidamente cuberto cos datos declarados e validados cada un deles cun código seguro de verificación

(CSV) formado por dezaseis caracteres, con indicación da data de presentación. Estes modelos, lle servirán de xustificante da presentación dos números da declaración e das autoliquidacións impresos nel na data sinalada no propio modelo e, do seu pagamento, de ser o caso.

No suposto de que a presentación fora rexeitada, mostrarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, o suxeito pasivo deberá proceder a subsanalos mediante a aplicación informática. Se o rexeitamento da presentación fora orixinado por un motivo non subsanable, o suxeito pasivo deberá repetir a presentación.

3. O suxeito pasivo deberá conservar a declaración e as autoliquidacións aceptadas e validadas cos correspondentes códigos seguros de verificación.

#### **Capítulo IV. Xustificantes de pagamento e presentación de declaracións e autoliquidacións.**

##### **Artigo 11. Consulta de declaracións e autoliquidacións na Oficina Virtual Tributaria.**

1. Os suxeitos pasivos poderán en calquera momento acceder á OVT, no seu horario de dispoñibilidade para cumprir ás obrigas tributarias ás que se refire esta orde.

2. Para estes efectos, os suxeitos pasivos deberán acceder na sección Declaración de Tributos á aplicación informática denominada APARELLOS. Unha vez nela poderán acceder ás diferentes declaracións, segundo a súa tipoloxía, para comezar unha operación ou para continuala. Para estes efectos cada unha das declaracións mostrará o estado de situación no que se encontra.

3. Os estados de situación poden ser:

a) Borrador: é o estado no que se encontra a declaración D-046 cando fora confeccionada e gardada sen ser presentada.

b) Pendente de pagamento e presentación: é o estado no que se encontra o modelo 046 cando fora confirmado polo suxeito pasivo mais non fora realizada ningunha das fases posteriores de pagamento nin de presentación.

- c) Pendente de pagamento: é o estado no que aparece o modelo 046 confirmado polo suxeito pasivo e a débeda que figura no modelo fora tramitada para o seu pagamento presencial segundo o establecido no artigo 9.3.a) mais o suxeito pasivo non concluíra a transacción de pagamento.
- d) Pendente de presentación: é o estado no que aparece o modelo 046 validado polo suxeito pasivo, cando a débeda que figura no modelo foi pagada ou foi marcada a casiña de aprazamento/fraccionamento, consonte co disposto no artigo 9, mais aínda non fora presentado.
- e) Presentado: estado no que aparece o modelo 046 cando o suxeito pasivo validou o modelo, procedeu pagar a débeda tributaria ou marcar a casiña de aprazamento/fraccionamento e presentou electronicamente o modelo ante a Atriga.

**Artigo 12. Xustificantes do pagamento e da presentación de autoliquidacións e xustificantes da presentación de declaracións de forma electrónica.**

1. Unha vez que o suxeito pasivo opte polo pagamento de forma presencial na entidade colaboradora das autoliquidacións abrangidas na carta de pagamento xerada pola aplicación, a aplicación informática xerará dúas copias da carta de pagamento á que se refire o artigo 9.3.a) desta orde debidamente cubertas cos datos que o suxeito pasivo facilitara na aplicación informática. Co devandito documento acudirase á entidade colaboradora para a realización do pagamento, a cal se quedará co exemplar para a entidade colaboradora e devolverá ao contribuínte o exemplar para o interesado co selo da entidade, data do ingreso, número e importe, así como co NRC. O devandito documento servirá de xustificante de pagamento das autoliquidacións correspondentes ás máquinas que se relacionan no anexo á carta de pagamento.

2. Se o suxeito pasivo optase polo pagamento electrónico, a aplicación informática, unha vez realizado o pagamento, xerará o “Recibo de cargo en conta” que o contribuínte deberá conservar, no que se identificará o número da conta que realiza o pagamento, data do ingreso, importe, NIF e nome do contribuínte así como o NRC. O devandito documento servirá de xustificante de pagamento do número da carta de pagamento impreso neste.

3. A presentación das declaracións que regula esta orde e a súa data acreditaranse mediante a impresión dos documentos (modelos D-046, 046 e 045) xerados pola aplicación informática nos que constarán os datos identificativos do suxeito pasivo e das máquinas declaradas, da autorización da máquina de xogo correspondente, da liquidación da cota trimestral vixente e máis do seu ingreso salvo no caso de marcar o cadriño de aprazamento/fraccionamento e os datos correspondente á presentación. Ademais xerarase un código interno que permitirá asociar de forma inequívoca as declaracións presentadas electronicamente coas impresas polo contribuínte. Este documento acreditará a presentación das autoliquidacións así como a súa data.

4. Os xustificantes de pagamento e presentación sinalados nos parágrafos anteriores producirán os efectos liberatorios para coa Facenda da Comunidade Autónoma sinalados no Regulamento Xeral de Recadación. Os suxeitos pasivos deberán conservar os xustificantes de pagamento e presentación. No caso de que a autoliquidación non dera lugar a ingreso bastará a xustificación da presentación na forma sinalada no apartado 3 anterior. No caso de solicitar aprazamento ou fraccionamento será necesario ademais o xustificante da presentación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

**Disposición adicional primeira.- Excepcionalidade ao cumprimento das obrigas tributarias de xeito electrónico.**

De xeito excepcional e cando circunstancias extraordinarias así o aconsellen, previa petición do interesado debidamente xustificada, a dirección da ATRIGA, valoradas as razóns aducidas polo interesado e a documentación e as probas achegadas por el para xustificar a súa demanda, poderá excepcionar a aquel da obrigatoriedade de empregar os medios electrónicos para o cumprimento das obrigas tributarias reguladas nesta orde. A resolución fixará o alcance temporal da excepcionalidade e a forma e as condicións nas que deberá facer efectivas as obrigas tributarias, sen prexuízo das consecuencias que derivasen de acordo coa normativa tributaria no caso de incumprimentos das normas.

**Disposición adicional segunda.- Máquinas autorizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Quedan excepcionados da obriga de presentar a solicitude de autorización e ficha de usuario establecida no artigo 3.2, os suxeitos pasivos que xa estiveran autorizados para o acceso á OVT por calquera máquina de xogo para a que xa viñeran empregando a OVT para o efecto de cumprir as obrigas tributarias asociadas á explotación de máquinas de xogo nesta Comunidade Autónoma.

No entanto, se os suxeitos pasivos aos que se refire o parágrafo anterior quixeran ter un nivel de acceso total na OVT, deberán presentar ante a ATRIGA a ficha de usuario coa identificación dos usuarios concretos persoas físicas para as que queren solicitar dito nivel de acceso.

**Disposición adicional terceira.- Adhesión e autorización de entidades colaboradoras.**

As entidades de depósito, xa autorizadas como colaboradoras na recadación dos tributos xestionados por esta Comunidade Autónoma e que desexen adherirse ao pagamento electrónico destas autoliquidacións, deberán solicitalo á dirección da ATRIGA, que as informará das configuracións técnicas necesarias para a incorporación efectiva á prestación do servizo. A intervención neste servizo requirirá autorización expresa da dirección da ATRIGA.

As entidades de depósito, xa autorizadas como colaboradoras na recadación dos tributos xestionados por esta Comunidade Autónoma mediante o pagamento electrónico das autoliquidacións, quedarán adheridas ao pagamento telemático da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo sen necesidade de solicitalo á dirección da ATRIGA.

**Disposición adicional cuarta.- Conservación de soportes informáticos.**

No suposto de pagamento electrónico das autoliquidacións referidas á taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo, a entidade de depósito autorizada, colaboradora na xestión recadatoria, que xerese o correspondente NRC xustificante deste, conservará durante un período de seis anos os soportes informáticos que motivaron o devandito NRC.

#### **Disposición adicional quinta.- Confidencialidade e representación.**

Os profesionais colexiados, así como as entidades, institucións ou organizacións representativas de sectores sociais, laborais, empresariais ou profesionais, no exercicio das súas funcións e nas actuacións previstas nos convenios correspondentes respectarán as normas establecidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Os membros dos colexios profesionais, as entidades privadas, así como as institucións ou organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais aos que o suxeito pasivo solicítase a colaboración para a presentación electrónica deste tributo, deberán posuír a representación nos termos establecidos no artigo 46 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A Administración poderá requirir destes, en calquera momento, a acreditación da devandita representación.

A falta de representación abonda das persoas no nome da cal se presentase a documentación dará lugar á exixencia das responsabilidades que fosen procedentes.

#### **Disposición adicional sexta.- Presentación e pagamento en prazo.**

A falta de resposta do ordenador da entidade de depósito autorizada, colaboradora na xestión recadatoria, elixida polo interesado para realizar o pagamento electrónico das autoliquidacións recollidas nesta orde, así como a falta de conformidade da devandita entidade a materializar a operación polos motivos que, con ocasión do intento de efectuar o devandito pagamento poña en coñecemento do citado interesado, non escusarán a este do pagamento e presentación da autoliquidación dentro dos prazos establecidos na normativa correspondente a este tributo.

#### **Disposición adicional sétima.- Modificación dos Anexos desta orde.**

No ámbito das súas competencias, autorízase á dirección da ATRIGA a modificar ou actualizar mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia os Anexos a esta orde, cando fora preciso como consecuencia da modificación das normas legais ou regulamentarias ou como consecuencia dos avances tecnolóxicos, os cambios de sistemas ou calquera outra



circunstancia que precisara a correspondente plasmación nos modelos aprobados ou nas normas ou especificacións técnicas aprobadas polos ditos Anexos.

**Disposición Transitoria Única.- Cumprimento das obrigas tributarias correspondentes ao xogo desenvolvido con anterioridade á entrada en vigor desta orde.**

As obrigas tributarias establecidas nesta orde que os suxeitos pasivos tiveran que cumprir polo xogo desenvolvido no ano 2014, e para as que se tivera pechado o prazo correspondente dos establecidos no artigo 5, cumpriranse nos vinte primeiros días naturais do mes seguinte á entrada en vigor da orde.

**Disposición derogatoria única.-**

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde.

En particular, queda derogada a orde do 30 de maio de 2013 pola que se regula a xestión, a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo realizado a través de máquinas de xogo.

**Disposición derradeira única.- Entrada en vigor**

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación e será de aplicación para tódolos feitos impoñibles gravados pola taxa fiscal sobre o xogo desenvolvido mediante máquinas de xogo acaecidos dende o 1 de xaneiro de 2014.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2014

A Conselleira de Facenda

Elena Muñoz Fonteriz

## ANEXO I

**Solicitud de autorización para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica dos modelos de declaración D-046 e de autoliquidación 045 da Taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo.**

D/D<sup>a</sup>..... co NIF..... como titular/  
representante de ....., co NIF  
....., suxeito pasivo da Taxa fiscal sobre o xogo realizado  
mediante máquinas de xogo,

### SOLICITO

autorización para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica dos modelos de declaración D-046 e de autoliquidación 045 da Taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo, con suxeición ao establecido na normativa vixente.

..... de..... de .....

Asdo.:

**Identificación de usuarios para a utilización das aplicacións informáticas da Oficina Virtual Tributaria para o pagamento electrónico e a presentación electrónica dos modelos de declaración D-046 e de autoliquidación 045 da Taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo.**

### IDENTIFICACIÓN DO SUXEITO PASIVO

Denominación Social
NIF
Enderezo
Concello

Provincia
Teléfono
Correo electrónico

### IDENTIFICACIÓN DO/S USUARIO/S DA APLICACIÓN:

Nome e Apellidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma <sup>2</sup>	Nivel de acceso <sup>3</sup> :

Nome e Apellidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma <sup>1</sup>	Nivel de acceso <sup>2</sup>

Nome e Apellidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	
Idioma <sup>1</sup>	Nivel de acceso <sup>2</sup>

### RESPONSABLE DE INFORMÁTICA


Nome e Apellidos	
NIF	
Teléfono	
Correo electrónico	

<sup>2</sup> O idioma poderíase cubrir “**galego**” ou “**castelán**” segundo se desexe

<sup>3</sup> Acceso. Se se pon “**total**”, poderanse ver todos os expedientes presentados; se se pon “**parcial**”, só se poderán ver os expedientes grabados por ese usuario exclusivamente

## ANEXO II

### Modelo D-046. Taxa fiscal sobre o xogo. Máquinas de xogo. Declaración informativa de máquinas de xogo (formato electrónico)

<b>DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE</b>  <b>XESTIÓN CENTRALIZADA</b>	<b>TAXA FISCAL SOBRE O XOGO</b>  <b>MÁQUINAS DE XOGO</b>	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA  Axencia Tributaria de Galicia	Modelo  <b>D-046</b>
---	--	--	----------------------------

<b>E</b>	Nº expediente: _____ Exercicio: _____ Trimestre: _____ Data de presentación: _____	
<b>PERÍODO CARÁCTER</b>	<input type="checkbox"/> Complementaria      Nº declaración _____	(Espazo reservado para a numeración do código de barras)

<b>DECLARANTE/EMPRESA OPERADORA</b>	NIF	Apelidos e nome ou razón social				Nº Rexistro operadora		
	Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública	Número	Esc	Andar	Porta	Teléfono	
	Concello		Código	Provincia		Cód postal		

<b>REPRESENTANTE</b>	NIF	Apelidos e nome ou razón social				Nº Rexistro operadora		
	Rúa/praza/avda.	Nome da vía pública	Número	Esc	Andar	Porta	Teléfono	
	Concello		Código	Provincia		Cód postal		

#### MÁQUINAS INSTALADAS:

Cod_aut	Tipo	Nº xogadores	Prezo partida	Data autorización	Ubicación	
					Lugar	NIF

<b>SELO</b>	A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección <a href="http://www.atriga.es">www.atriga.es</a> (Oficina Virtual Tributaria) Código seguro de verificación _____
-------------	--

## **INSTRUCCIÓN**

### **PERÍODO E CARÁCTER**

Neste bloque deberán consignarse os datos correspondentes ao período ao que corresponde a declaración, así como o carácter dela, de xeito que:

- a) No exercicio farase constar o ano ao que corresponden os datos incluídos na declaración.
- b) No período consignarase o trimestre natural ao que corresponden os datos incluídos na declaración numerados do 01 ata o 04, dende o primeiro trimestre natural ata o cuarto trimestre natural do ano.

*Exemplo: do 1 ao 20 de outubro do ano 20XX terase que presentar a declaración correspondente ao trimestre natural inmediato anterior, é dicir ao terceiro trimestre natural do ano, polo que en exercicio consignarase 20XX e no período, consignarase 03.*

Se a declaración fora unha complementaria doutra xa presentada, marcarase a casíña denominada COMPLEMENTARIA e consignarase o número da declaración á que complementa.

Neste bloque, unha vez presentada a declaración cargarase o número da operación de referencia, o número de expediente e a data de presentación.

### **DECLARANTE: EMPRESA OPERADORA**

Neste bloque consignarase os datos identificativos do suxeito pasivo: NIF, APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL, Nº REXISTRO EMPRESA OPERADORA, ENDEREZO FISCAL OU ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN. O enderezo que será cargado informaticamente é o enderezo fiscal do seu certificado dixital. Se quere consignar un enderezo diferente para os efectos de notificación, deberá comunicalo con carácter previo na OVT. Para isto deberá acceder ao módulo de “Xestión de Datos Persoais” no submenú “Catálogo de servizos” como “usuario con certificado” e cun certificado de empresa.

## **REPRESENTANTE**

No caso de actuar mediante representante, deberá consignar os datos deste: NIF, APELIDOS E NOME e ENDEREZO FISCAL.

## **DATOS DAS MÁQUINAS**

### **Máquinas instaladas:**

Consignarase neste cadro os datos das máquinas que o primeiro día do trimestre natural estiveran dadas de alta e máquinas que se dean de alta ao longo do trimestre, ben sexan de nova autorización ou procedentes de baixa temporal. Os datos a consignar son os seguintes:

Cód\_aut: Código da autorización de explotación da máquina.

Tipo: Tipo de máquina. Consignarase segundo o tipo de máquina, a letra seguinte:

- E: máquinas tipo A especial con valor do premio non superior a 40€.
- S: máquinas tipo A especial con valor do premio superior a 40€.
- B: máquinas tipo B.
- P: máquinas tipo B especial.
- C: máquinas tipo C.
- O: outras máquinas de xogo.

Nº de xogadores: O maior número de xogadores autorizado ao longo do trimestre natural do ano ao que se refira a declaración.

Prezo Partida: O maior prezo autorizado para a partida ao longo do trimestre natural do ano ao que se refira a declaración.

Data \_aut: Cando se trate de máquinas que estiveran en situación de alta o primeiro día do trimestre natural, consignarase a data do primeiro día do trimestre natural; cando se trate de máquinas de nova autorización concedida ao longo do trimestre, consignarase a data da nova autorización; cando se trate de máquinas que foran rehabilitadas ao longo do trimestre, consignarase a data da autorización da rehabilitación ou do reinicio de explotación; en calquera dos casos, cando algunha das características da máquina variara ao longo do trimestre, consignarase a data da autorización correspondente ao maior valor da característica ao longo do trimestre natural do ano ao que se refira a declaración.


Ubicación: Neste cadro consignaranse os datos do lugar onde se atopa instalada a máquina (ubicación física ou dirección postal) e o NIF da persoa física ou xurídica do local onde estea instalada a máquina á data do devengo.

Se a declaración fora unha complementaria doutra xa presentada, consignaranse só os datos das máquinas que orixinan a declaración complementaria, xa foran máquinas que non foran incluídas na declaración á que se complementa ou máquinas que tendo sido incluídas nela, se corrixan os seus datos sempre que os datos novos supoñan a presentación dunha autoliquidación complementaria consonte coa normativa tributaria.

A declaración será datada e asinada polo suxeito pasivo ou polo seu representante

## ANEXO III<sup>4</sup>

Modelo 045 da Taxa fiscal sobre o xogo. Máquinas de xogo. Autoliquidación  
(formato electrónico)

<b>DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA</b> <input style="width: 100px; height: 15px;" type="text"/>	<b>TASA FISCAL SOBRE O XOGO</b> MÁQUINAS DE XOGO AUTOLIQUIDACIÓN	 <b>XUNTA DE GALICIA</b> Axencia Tributaria de Galicia	Modelo <b style="font-size: 1.2em;">045</b> euros																								
<b>PERÍODO E CARÁCTER</b>	N° expediente: _____ Exercicio: _____ Trimestre: _____ Data de presentación: _____ Data de autorización: _____ <input type="checkbox"/> Complementaria    N° autoliquidación: _____																										
<b>SUJEITO PASIVO</b>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td colspan="2">NIF</td> <td colspan="4">Apellidos e Nome ou Razón Social</td> <td colspan="2">N° Raxistro Operadora</td> </tr> <tr> <td>Rúa/Praza/Avda</td> <td>Nome da vía Pública</td> <td>Núm.</td> <td>Esc.</td> <td>Andar</td> <td>Porta</td> <td colspan="2">Teléfono</td> </tr> <tr> <td colspan="2">Concello</td> <td>Código</td> <td colspan="2">Provincia</td> <td colspan="3">Cod. Postal</td> </tr> </table>			NIF		Apellidos e Nome ou Razón Social				N° Raxistro Operadora		Rúa/Praza/Avda	Nome da vía Pública	Núm.	Esc.	Andar	Porta	Teléfono		Concello		Código	Provincia		Cod. Postal		
NIF		Apellidos e Nome ou Razón Social				N° Raxistro Operadora																					
Rúa/Praza/Avda	Nome da vía Pública	Núm.	Esc.	Andar	Porta	Teléfono																					
Concello		Código	Provincia		Cod. Postal																						
<b>REPRESENTANTE</b>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td colspan="2">NIF</td> <td colspan="4">Apellidos e Nome ou Razón Social</td> <td colspan="2">N° Raxistro Operadora</td> </tr> <tr> <td>Rúa/Praza/Avda</td> <td>Nome da vía Pública</td> <td>Núm.</td> <td>Esc.</td> <td>Andar</td> <td>Porta</td> <td colspan="2">Teléfono</td> </tr> <tr> <td colspan="2">Concello</td> <td>Código</td> <td colspan="2">Provincia</td> <td colspan="3">Cod. Postal</td> </tr> </table>			NIF		Apellidos e Nome ou Razón Social				N° Raxistro Operadora		Rúa/Praza/Avda	Nome da vía Pública	Núm.	Esc.	Andar	Porta	Teléfono		Concello		Código	Provincia		Cod. Postal		
NIF		Apellidos e Nome ou Razón Social				N° Raxistro Operadora																					
Rúa/Praza/Avda	Nome da vía Pública	Núm.	Esc.	Andar	Porta	Teléfono																					
Concello		Código	Provincia		Cod. Postal																						
<b>DATOS DAS MÁQUINAS(4)</b>	N° de autorización de explotación... 01 <input style="width: 20px;" type="text"/> N° XOGADORES    02 <input style="width: 20px;" type="text"/> P. POR PARTIDA    03 <input style="width: 20px;" type="text"/> euros <b>TIPOS DE MÁQUINAS</b> 04S <input style="width: 20px;" type="text"/> "A especial" 04E <input style="width: 20px;" type="text"/> Valor premio no superior a 40 euros 05 <input style="width: 20px;" type="text"/> "B" 06 <input style="width: 20px;" type="text"/> "B especial" 07 <input style="width: 20px;" type="text"/> "C" 08 <input style="width: 20px;" type="text"/> TIPO "C" outros																										
<b>AUTOLIQUIDACIÓN</b>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 80%;">Cota devengada no período.....</td> <td style="width: 5%;">220</td> <td style="width: 15%;"></td> </tr> <tr> <td>Cota tributaria autoliquidada con anterioridade.....</td> <td>221</td> <td></td> </tr> <tr> <td>Cota tributaria autoliquidada.....</td> <td>22</td> <td></td> </tr> <tr> <td><b>TOTAL A INGRESAR.....</b></td> <td><b>23</b></td> <td></td> </tr> <tr> <td>IMPORTE INGRESADO.....</td> <td>I</td> <td></td> </tr> <tr> <td>IMPORTE DOMICILIADO.....</td> <td>D</td> <td></td> </tr> <tr> <td>IMPORTE APRAZADO.....</td> <td>A</td> <td></td> </tr> <tr> <td>IMPORTE DÉBEDA RECOÑECIDA.....</td> <td>N</td> <td></td> </tr> </table>			Cota devengada no período.....	220		Cota tributaria autoliquidada con anterioridade.....	221		Cota tributaria autoliquidada.....	22		<b>TOTAL A INGRESAR.....</b>	<b>23</b>		IMPORTE INGRESADO.....	I		IMPORTE DOMICILIADO.....	D		IMPORTE APRAZADO.....	A		IMPORTE DÉBEDA RECOÑECIDA.....	N	
Cota devengada no período.....	220																										
Cota tributaria autoliquidada con anterioridade.....	221																										
Cota tributaria autoliquidada.....	22																										
<b>TOTAL A INGRESAR.....</b>	<b>23</b>																										
IMPORTE INGRESADO.....	I																										
IMPORTE DOMICILIADO.....	D																										
IMPORTE APRAZADO.....	A																										
IMPORTE DÉBEDA RECOÑECIDA.....	N																										
<b>INGRESO</b>	Entidade: _____    Data de ingreso: _____    N.R.C: _____																										
<b>SELO</b>	A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección <a href="http://www.sitigo.gal">www.sitigo.gal</a> (Oficina Virtual Tributaria) Código seguro de verificación: _____																										

Os contribuíntes, nas súas relacións coas administracións tributarias, gozan dos dereitos recollidos no artigo 34 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como dos dereitos definidos no artigo 13 da Lei 36/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

<sup>4</sup> Modificado pola Resolución da Axencia Tributaria de Galicia, do 12 decembro de 2019 pola que se actualizan os modelos en formato electrónico das autoliquidacións dos tributos propios da Comunidade Autónoma e dos tributos sobre o xogo e as especificacións técnicas de determinados arquivos informáticos. (DOG núm. 242, de 20 de decembro de 2019)



## INSTRUCCIÓN

### IMPORTANTE

Utilizárase un impreso por cada máquina ou aparello automático, que sexa obxecto de declaración.

### PERÍODO E CARÁCTER

Neste bloque deberán consignarse os datos correspondentes ao período ao que corresponde a declaración, así como o carácter dela, de xeito que:

a) No exercicio farase constar o ano ao que corresponden os datos incluídos na declaración con catro díxitos.

b) No período consignárase o trimestre natural ao que corresponden os datos incluídos na declaración numerados do 01 ata o 04, dende o primeiro trimestre natural ata o cuarto trimestre natural do ano.

*Exemplo: do 1 ao 20 de outubro do ano 20XX terase que presentar a declaración correspondente ao trimestre natural inmediato anterior, é dicir ao terceiro trimestre natural do ano, polo que en exercicio consignárase 20XX e no período, consignárase 03.*

c) Na data de autorización indicárase a data de efectos da autorización da consellería competente en materia de xogo ou da modificación da cota trimestral como consecuencia da modificación do prezo máximo regulamentario para a partida de máquinas tipo B ou por outra circunstancia.

Se a autoliquidación fora unha complementaria doutra xa presentada, marcarase a casíña denominada COMPLEMENTARIA e consignárase o número da autoliquidación á que complementa.

Neste bloque, unha vez presentada a declaración cargarase o número da operación de referencia, o número de expediente e a data de presentación.

## SUXEITO PASIVO

Neste bloque consignaranse os datos identificativos do suxeito pasivo: NIF, APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL, Nº REXISTRO EMPRESA OPERADORA, ENDEREZO FISCAL ou ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN. O enderezo que será cargado informaticamente é o enderezo fiscal do seu certificado dixital. Se quere consignar un enderezo diferente para os efectos de notificación, deberá comunicalo con carácter previo na OVT. Para isto deberá acceder ao módulo de “Xestión de Datos Persoais” no submenu “Catálogo de servizos” como “usuario con certificado” e cun certificado de empresa.

## REPRESENTANTE

No caso de actuar mediante representante, deberá consignar os datos deste: NIF, APELIDOS E NOME e ENDEREZO FISCAL.

## DATOS DAS MÁQUINAS

Consignarase nos cadriños 01 a 08 todos os datos relativos á máquina pola que se presenta a autoliquidación:

- No cadriño 01, consignarase o Nº DE AUTORIZACIÓN DA MÁQUINA.
- No cadriño 02, consignarase o Nº DE XOGADORES: consignarase o valor do maior nº de xogadores que amparara a autorización durante o trimestre.
- No cadriño 03, consignarase o PREZO POR PARTIDA: consignarase o valor do maior prezo de partida que amparara a autorización durante o trimestre.
- Nos cadriños 04 ao 08, marcarase o TIPO de máquina, segundo se trate dunha máquina tipo:
  - A especial con valor do premio non superior a 40€: marcarase o cadriño 04S.
  - A especial con valor do premio superior a 40€: marcarase o cadriño 04E.
  - B: marcarase o cadriño 05.
  - B especial: marcarase o cadriño 06.

- C: marcarase o cadriño 07.
- Outras máquinas de xogo: marcarase o cadriño 08.

No caso de autoliquidación complementaria, cubriranse, de ser o caso, o/s dato/s que proceda/n.

### AUTOLIQUIDACIÓN

- Cota devengada no periodo:

- máquinas dadas de alta o primeiro día do trimestre natural: consignarase o importe da cota trimestral legalmente establecida para o período de que se trate en función do tipo de máquina e, de ser o caso, do número de xogadores e do prezo da partida.

A cota das máquinas tipo B calcularase consonte coa seguinte formulación:

1) se  $n = 1$   $A+a (pp-pmr)$

2) se  $n > 2$   $A+x A (n-1)+ a (pp-pmr)$

onde:

$n = n^{\circ}$  de xogadores autorizado.

$A =$  cota trimestral legalmente establecida para máquinas tipo B de 1 xogador/a.

$a =$  importe a aplicar sobre cada céntimo que o prezo de partida autorizado sobrepase ao prezo máximo regulamentario.

$pp =$  prezo de partida homologado para a máquina que ampara a autorización.

$pmr =$  prezo máximo regulamentario da partida das máquinas tipo B.

$x =$  porcentaxe de incremento por cada novo xogador.

Exemplo 1: Máquina tipo B de 1 xogador e con  $pp$  autorizado de 50 céntimos:

A cota tributaria devengada no período será:

$$935+4,70 (50-20)=1.076 \text{ €}.$$

Exemplo 2: Máquina tipo B de 2 xogadores e con  $pp$  autorizado de 20 céntimos:

A cota tributaria devengada no período será:

$$935+25\%*935(2-1)=1.168,75 \text{ €}.$$

Exemplo 3: Máquina tipo B de 8 xogadores e con *pp* autorizado de 50 céntimos:

A cota tributaria devengada no período será:

$$935+25\%*935(8-1)+ 4,70(50-20) =2.712,25 \text{ €}.$$

- máquinas de nova autorización ou máquinas procedentes da situación de baixa temporal: o importe a consignar será o mesmo que para máquinas xa autorizadas en trimestres anteriores.

- modificación das características da máquina: para o cálculo da cota, escollerase o maior prezo autorizado para a partida e o maior número de xogadores que ampara a autorización durante o trimestre.

- Cota tributaria autoliquidada con anterioridade: esta casiña só se cubrirá no caso de autoliquidación complementaria. Consignarase a cota tributaria que autoliquidase o obrigado tributario na autoliquidación á que complementa.

Cota tributaria autoliquidada: nesta casiña trasladarase o importe da casiña (220). No caso de autoliquidación complementaria consignarase a diferenza entre as cantidades dos cadriños 220 e 221.

En calquera dos casos o importe desta casiña será o importe a ingresar resultante da autoliquidación.

- TOTAL A INGRESAR: consignarase o importe da casiña (22).

- IMPORTE INGRESADO: trasladarase o importe positivo que, de ser o caso, sexa ingresado.

#### INGRESO. ANEXO DATOS PAGO

Unha vez calculado o total a ingresar, o obrigado tributario deberá seleccionar a/s forma/s de pago da débeda tributaria, de xeito que poderá:

- a) Pagar o importe total ou parcialmente
- b) Domiciliar o importe total ou parcialmente
- c) Aprazar ou fraccionar o importe total ou parcialmente

- d) Recoñecer débeda polo importe total ou pola parte non pagada, domiciliada e/ou aprazada ou fraccionada.

#### INGRESO TELEMÁTICO

No caso de ingreso total ou parcial da débeda tributaria, neste recadro figurará a entidade na que se realizou o ingreso, a data na que se efectuou, o NRC e o importe ingresado.

#### DOMICILIACIÓN

No caso de que se ordeara a domiciliación do total da débeda ou dunha parte dela, neste recadro figurará o número da operación, a entidade na que se domiciliou o pago, o número IBAN e máis o NIF do titular da conta, o concepto, o importe e a data do cargo.

#### APRAZAMENTO/FRACCIONAMENTO

No caso de que se decidira aprazar ou fraccionar o total da débeda ou unha parte dela, neste recadro figurará o correspondente importe.

O obrigado tributario deberá ter en conta que indicando un importe neste recadro está comunicando á administración que vai presentar unha solicitude de aprazamento/fraccionamento da débeda tributaria. En ningún caso se entenderá presentada a solicitude de aprazamento/fraccionamento pola simple presentación da autoliquidación.

#### DÉBEDA RECOÑECIDA

Neste recadro figurará o importe que non se ingrese telematicamente, nin se domicilie nin se marque como aprazado ou fraccionado.

O importe deste recadro recoñécese como unha débeda derivada da autoliquidación presentada que non se fai efectiva. Transcorrido o prazo voluntario de pagamento da débeda sen facer efectivo o seu importe, esixirase pola vía de constrinximento, nas condicións establecidas na normativa tributaria


## SELO

Neste bloque figurará o Código Seguro de Verificación (CSV) asignado pola Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Atriga. O CSV é un código alfanumérico que identifica de forma única o documento emitido pola OVT da Atriga. Este código permitiralle verificar a autenticidade e integridade do documento impreso en papel mediante o cotexo co documento electrónico orixinal no formulario do servizo de verificación da OVT da Atriga.

A declaración será datada e asinada polo suxeito pasivo ou polo seu representante.

## ANEXO IV<sup>5</sup>

Modelo 046 da Taxa fiscal sobre o xogo. Máquinas de xogo. Autoliquidación (formato electrónico)

<b>DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE</b> <b>XESTIÓN CENTRALIZADA</b>	<b>TAXA FISCAL SOBRE O XOGO</b> <b>MÁQUINAS OU APARELLOS RECREATIVOS</b> <small>DETALLE DE PAGAMENTO</small>	 <b>XUNTA DE GALICIA</b> <small>Agencia Tributaria de Galicia</small>	<small>Modelo</small> <b>046</b> <small>EURO</small>
---	--	---	--

<b>PERÍODO E CARÁCTER</b>	Expediente:	Exercicio:	Trimestre:
	Data de presentación:		
	<input type="checkbox"/> Complementaria    Nº Declaración		

<b>DECLARANTE EMPRESA OPERADORA</b>	N.I.F.	Apellidos e Nome ou Razón Social	Nº Registro Operadora
	Rúa/Plaza/Avda	Nome da vía pública	Número    Esc.    Piso    Porta    Teléfono
	Concello	Código	Provincia    Código Postal

<b>REPRESENTANTE</b>	N.I.F.	Apellidos e Nome ou Razón Social	Nº Registro Operadora
	Rúa/Plaza/Avda	Nome da vía pública	Número    Esc.    Piso    Porta    Teléfono
	Concello	Código	Provincia    Código Postal

<b>DATOS DAS MÁQUINAS</b>	<b>Tipo de Máquina</b>	<b>Núm. Máquinas</b>	<b>Cota Autoliquidada</b>	<b>Imp. a Ingresar</b>	<b>Imp. a Domiciliar</b>	<b>Imp. a Aprazar</b>	<b>Imp. Debeda reofoeida</b>
	A Especial 40€ ou menos						
	A Especial >40€						
	B						
	B Especial						
	C						
	Outras Máquinas						
<b>Total:</b>							


<b>INGRESO</b>	Entidade	Data de ingreso	NRC

<b>SELO</b>	A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección <a href="http://www.atrigo.gal">www.atrigo.gal</a> (Oficina Virtual Tributaria)
	Código Seguro de Verificación:

Os contribuíntes, nas súas relacións coas administracións tributarias, gozan dos dereitos xerais definidos no artigo 34 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como dos dereitos definidos no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

<sup>5</sup> Modificado pola Resolución da Axencia Tributaria de Galicia, do 12 decembro de 2019 pola que se actualizan os modelos en formato electrónico das autoliquidacións dos tributos propios da Comunidade Autónoma e dos tributos sobre o xogo e as especificacións técnicas de determinados arquivos informáticos. (DOG núm. 242, de 20 de decembro de 2019)

<b>DEPARTAMENTO DE TRIBUTOS DE XESTIÓN CENTRALIZADA</b>	<b>TAXA FISCAL SOBRE O XOGO MÁQUINAS OU APARELLOS RECREATIVOS</b>	 <b>XUNTA DE GALICIA</b> Axencia Tributaria de Galicia	Modelo <b>046</b> EUROS
	DETALLE DE PAGAMENTO ANEXO DATOS PAGO		

<b>PERÍODO E CARÁCTER</b>	Expediente:	Exercicio:	Trimestre:
	Data de presentación:		
	<input type="checkbox"/> Complementaria	Nº Declaración	

<b>Ingreso telemático</b>	Entidade: Data Ingreso: NRC: Importe:
---------------------------	--

<b>Domiciliación</b>	Op. Domiciliación: Entidade: Titular: IBAN: Concepto: Importe: Data cargo:
----------------------	--

<b>Aprazamento/ Fraccionamento</b>	Importe: ATENCIÓN: Indicando un importe neste recadro comunica á administración que vai presentar unha solicitude de aprazamento/fraccionamento de débeda tributaria. En ningún caso se entenderá presentada a solicitude de aprazamento/fraccionamento pola simple presentación de autoliquidación.
--	---

<b>Débeda recoñecida</b>	Importe: ATENCIÓN: Indicando un importe neste recadro comunica á Administración que recoñece a existencia dunha débeda derivada de autoliquidación presentada polo dito importe e que non foi efectivo o seu importe neste ítem. Transcorrido o prazo voluntario de pagamento da débeda sen facer efectivo o seu importe, estírase polo vía de construímento, nas condicións establecidas na normativa tributaria.
------------------------------	---



## INSTRUCCIÓN

### IMPORTANTE

Xerárase un único impreso por cada empresa operadora e presentación, que suporá a xeración de tantos modelos 045 como número de máquinas abrangan.

### PERÍODO E CARÁCTER

Neste bloque deberán consignarse os datos correspondentes ao período ao que corresponde a declaración, así como o carácter dela, de xeito que:

a) No exercicio farase constar o ano ao que corresponden os datos incluídos na declaración con catro díxitos.

b) No período consignarase o trimestre natural ao que corresponden os datos incluídos na declaración numerados do 01 ata o 04, dende o primeiro trimestre natural ata o cuarto trimestre natural do ano.

Exemplo: do 1 ao 20 de outubro do ano 20XX terase que presentar a declaración correspondente ao trimestre natural inmediato anterior, é dicir ao terceiro trimestre natural do ano, polo que en exercicio consignarase 20XX e no período, consignarase 03.

Se a declaración fora unha complementaria doutra xa presentada, marcarase a casilla denominada COMPLEMENTARIA e consignarase o número da declaración á que complementa.

Neste bloque, unha vez presentada a declaración cargarase o número da operación de referencia, o número de expediente e a data de presentación.

### DECLARANTE: EMPRESA OPERADORA

Neste bloque consignaranse os datos identificativos do suxeito pasivo: NIF, APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL, Nº REXISTRO EMPRESA OPERADORA, ENDEREZO FISCAL ou ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN. O

endereço que será cargado informaticamente é o endereço fiscal do seu certificado dixital. Se quere consignar un endereço diferente para os efectos de notificación, deberá comunicalo con carácter previo na OVT. Para isto deberá acceder ao módulo de “Xestión de Datos Persoais” no submenu “Catálogo de servizos” como “usuario con certificado” e cun certificado de empresa.

#### REPRESENTANTE

No caso de actuar mediante representante, deberá consignar os datos deste: NIF, APELIDOS E NOME e ENDEREZO FISCAL.

#### DATOS DAS MÁQUINAS

Neste bloque cargaranse os datos totalizados correspondentes aos modelos 045 que ampara o modelo 046 segundo a tipoloxía das máquinas de xogo, de forma que sinalará o número de cada tipoloxía, a suma total das cotas tributarias autoliquidadas e a suma total dos importes a ingresar correspondentes aos modelos 045 así como a suma total de ditos importes.

#### INGRESO. ANEXO DATOS PAGO

Unha vez calculado o total a ingresar, o obrigado tributario deberá seleccionar a/s forma/s de pago da débeda tributaria, de xeito que poderá:

- a) Pagar o importe total ou parcialmente
- b) Domiciliar o importe total ou parcialmente
- c) Aprazar ou fraccionar o importe total ou parcialmente
- d) Recoñecer débeda polo importe total ou pola parte non pagada, domiciliada e/ou aprazada ou fraccionada.

#### INGRESO TELEMÁTICO

No caso de ingreso total ou parcial da débeda tributaria, neste recadro figurará a entidade na que se realizou o ingreso, a data na que se efectuou, o NRC e o importe ingresado.

### DOMICILIACIÓN

No caso de que se ordeara a domiciliación do total da débeda ou dunha parte dela, neste recadro figurará o número da operación, a entidade na que se domiciliou o pago, o número IBAN e máis o NIF do titular da conta, o concepto, o importe e a data do cargo.

### APRAZAMENTO/FRACCIONAMENTO

No caso de que se decidira aprazar ou fraccionar o total da débeda ou unha parte dela, neste recadro figurará o correspondente importe.

O obrigado tributario deberá ter en conta que indicando un importe neste recadro está comunicando á administración que vai presentar unha solicitude de aprazamento/fraccionamento da débeda tributaria. En ningún caso se entenderá presentada a solicitude de aprazamento/fraccionamento pola simple presentación da autoliquidación.

### DÉBEDA RECOÑECIDA

Neste recadro figurará o importe que non se ingrese telematicamente, nin se domicilie nin se marque como aprazado ou fraccionado.

O importe deste recadro recoñécese como unha débeda derivada da autoliquidación presentada que non se fai efectiva. Transcorrido o prazo voluntario de pagamento da débeda sen facer efectivo o seu importe, esixirase pola vía de constrinximento, nas condicións establecidas na normativa tributaria.

### SELO

Neste bloque figurará o Código Seguro de Verificación (CSV) asignado pola Oficina Virtual Tributaria (OVT) da Atriga. O CSV é un código alfanumérico que identifica de forma única o documento emitido pola OVT da Atriga. Este código permitiralle verificar a autenticidade e integridade do documento impreso en papel mediante o cotexo co

documento electrónico orixinal no formulario do servizo de verificación da OVT da Atriga.

A declaración será datada e asinada polo suxeito pasivo ou polo seu representante

## ANEXO VI

### **Especificacións técnicas do arquivo informático para a presentación e pagamento electrónicos de declaracións tributarias de máquinas**

#### **A) CARACTERÍSTICAS DOS ARQUIVOS INFORMÁTICOS A REMITIR ELECTRONICAMENTE**

Os arquivos informáticos a remitir electronicamente ao traveso da Oficina Virtual Tributaria (OVT) haberán de cumprir as seguintes características:

- Nome do arquivo: D046\_X-XXXX\_NNNNNNNNN\_AAAA\_T, onde os valores seguintes serán:
  - X-XXXX: o código da empresa operadora
  - NNNNNNNNN: o NIF da empresa operadora (9 caracteres ou díxitos).
  - AAAA: os 4 díxitos correspondentes ao exercicio fiscal ao que se refire a declaración.
  - T: o díxito correspondente ao trimestre natural do ano ao que se refire a declaración.
- Extensión do arquivo: TXT.
- O ficheiro contendo os datos para a confección do modelo D-046 e dos modelos 045 será de formato texto plano.
- Tódolos campos alfanuméricos e alfabéticos presentaranse aliñados á esquerda e recheos de brancos pola dereita, en maiúsculas sen caracteres especiais, e sen vocais acentuadas. Tódolos campos numéricos presentaranse aliñados á dereita e recheos a ceros pola esquerda sen signos e sen empacotar. Tódolos campos terán contido, de non ser que se especificase o contrario na descrición do campo. Se non o tiveran, os campos numéricos se encherán a ceros e tanto os alfanuméricos como os alfabéticos a brancos.

B) DESEÑOS LÓXICOS. DESCRICIÓN DOS REXISTROS DOS DATOS DO ARQUIVO:

Incluíranse dous tipos diferentes de rexistro, que se distinguen pola primeira posición, consonte cos seguintes criterios:

- Tipo 1: Rexistro da declaración: Datos da declaración. Deseño de tipo de rexistro 1 dos recollidos máis adiante nestes mesmos apartados
- Tipo 2: Rexistro dos datos para a declaración informativa e para as autoliquidacións. Deseño de tipo de rexistro 2 dos recollidos máis adiante nestes mesmos apartados.

A orde de presentación será a do tipo de rexistro, existindo

- Para o tipo 1: un rexistro de cabeceira para o período que se declare.
- Para o tipo 2: un rexistro por cada máquina da empresa operadora (EO) instalada no período que se declare. No caso de que se trate dunha declaración complementaria, incluírase un rexistro por cada máquina que motive a presentación da declaración complementaria.

TIPO DE REXISTRO 1: REXISTRO DA DECLARACIÓN: DATOS DA DECLARACIÓN  
(POSICIÓN, NATUREZA E DESCRICIÓN DOS CAMPOS)

Para o tipo 1: un rexistro de cabeceira para o período que se declare. O formato do rexistro será:

POSICIÓN	NATUREZA	DESCRICIÓN DOS CAMPOS
1	Numérica	TIPO DE REXISTRO: Constante número '1'.
2-5	Alfanumérica	MODELO DECLARACIÓN: Constante 'D046'.
6-14	Alfanumérica	NIF: NIF da Empresa Operadora (EO). Consignarase o NIF da empresa que presenta declaración informativa.
15-20	Alfanumérica	CÓDIGO EMPRESA: Código da Empresa Operadora (EO).

		Consignarase o Código da empresa operadora que presenta a declaración informativa (o primeiro dígito será unha letra, o segundo un guión alto e os catro restantes serán números).
21-24	Numérica	EXERCICIO: As catro cifras do exercicio fiscal ao que corresponde a declaración
25	Numérica	TRIMESTRE: O dígito do trimestre natural ao que corresponde a declaración.
26	Alfabética	DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA: Cubrirase a brancos. No caso excepcional de segunda ou posterior presentación de declaracións, deberá cumprimentarse obrigatoriamente este campo de xeito que se consignará unha "C" se a presentación desta declaración ten por obxecto incluír rexistros de máquinas que: <ul style="list-style-type: none"> <li>- debendo figurar na declaración do mesmo exercicio presentada anteriormente, foran completamente omitidos nela ou/e</li> <li>- figurando na declaración á que se complementa, os datos que se comunican supoñen a presentación dunha autoliquidación complementaria consonte coa lei xeral tributaria.</li> </ul>
27-39	Alfanumérica	Nº DE DECLARACIÓN: No caso de que se consignara unha "C" no campo "Declaración complementaria", consignarase o número identificativo (D046xxxxxxxx) correspondente á declaración á que complementa. En calquera outro caso deberá cubrirse a CEROS.

TIPO DE REXISTRO 2 <sup>6</sup>: REXISTRO DOS DATOS PARA A DECLARACIÓN INFORMATIVA E AS AUTOLIQUIDACIÓNS.

(POSICIÓNS, NATUREZA E DESCRICIÓN DOS CAMPOS)

Para o tipo 2: un rexistro por cada máquina da empresa operadora (EO) instalada no período que se declare. O formato do rexistro será:

POSICIÓNS	NATUREZA	DESCRICIÓN DOS CAMPOS
1	Numérica	TIPO DE REXISTRO: Constante número '2'.
2-10	Alfanumérica	NIF: NIF da Empresa Operadora (EO). Consignarase o NIF da empresa titular da autorización da máquina á data do devengo. No caso de que fora a mesma que a que presenta declaración informativa, cubrirase a BRANCOS.
11-16	Alfanumérica	CÓDIGO EMPRESA: Código da Empresa Operadora (EO). Consignarase o Código da empresa operadora titular da autorización da máquina á data do devengo (o primeiro dígito será unha letra, o segundo un guión alto e os catro restantes serán números). No caso de que fora a mesma que a que presenta a declaración informativa, cubrirase a BRANCOS.
17-18	Numérica	Delegación: Código da delegación correspondente. Consignarase o código que corresponde ao Departamento de Tributos de Xestión Centralizada, que é o código 79.
19-24	Alfanumérica	NÚMERO AUTORIZACIÓN: Número de autorización da máquina.
25	Alfabética	TIPO MÁQUINA:

<sup>6</sup> Modificado pola Resolución da Axencia Tributaria de Galicia, do 12 decembro de 2019 pola que se actualizan os modelos en formato electrónico das autoliquidacións dos tributos propios da Comunidade Autónoma e dos tributos sobre o xogo e as especificacións técnicas de determinados arquivos informáticos. (DOG núm. 242, de 20 de decembro de 2019)



		<p>Consignarase E, S, B, P, O ou C, segundo sexa o tipo da máquina, de xeito que os tipos de máquina son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• E: máquinas tipo A especial con valor do premio non superior a 40€.</li> <li>• S: máquinas tipo A especial con valor do premio superior a 40€.</li> <li>• B: máquinas tipo B.</li> <li>• P: máquinas tipo B especial.</li> <li>• C: máquinas tipo C.</li> <li>• O: outras máquinas de xogo.</li> </ul>
26-27	Numérica	<p><b>NÚMERO XOGADORES:</b></p> <p>Consignarase o maior número de xogadores da máquina no período que se está declarando.</p>
28-32	Numérica	<p><b>PREZO DE PARTIDA:</b></p> <p>Consignarase o maior prezo autorizado para a partida no período que se está declarando. Identifícase por cinco díxitos, expresados en céntimo de euro.</p>
33-40	Numérica	<p><b>DATA AUTORIZACIÓN:</b></p> <p>Consignarase a data da autorización co formato ddmmaaaa, onde:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- dd: díxitos correspondentes ao día.</li> <li>- mm: díxitos correspondentes ao mes.</li> <li>- aaaa: díxitos correspondentes ao ano.</li> </ul> <p>Corresponderá co primeiro día do trimestre natural, no caso de máquinas en situación de alta o primeiro día do trimestre natural ao que se refire a declaración; coa data de autorización do reinicio da explotación ou rehabilitación no caso de máquinas recuperadas durante o trimestre natural ao que se refire a declaración; coa data da autorización nova, no caso de máquinas de nova autorización expedida durante o trimestre natural ao que se refire a declaración e coa data da autorización da modificación no caso de máquinas para as que se modificaran al alza durante o trimestre natural ao que se refire a declaración algunha das súas características.</p>
41	Alfabética	<p><b>AUTOLIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA:</b></p> <p>Cubrirase a brancos. No caso excepcional de segunda ou posterior presentación de declaracións, deberá cumprimentarse obrigatoriamente este campo de xeito</p>

		que se consignará unha "C" se a presentación desta declaración ten por obxecto incluír rexistros dunha máquina xa incluída na declaración á que se complementa e os novos datos supoñen unha débeda tributaria superior á calculada cos datos xa declarados, de xeito que da lugar á presentación dunha autoliquidación complementaria.
42-53	Numérica	Nº DE AUTOLIQUIDACIÓN: No caso de que se consignara unha "C" no campo "Autoliquidación complementaria", consignarase o número identificativo (045xxxxxxxx) da autoliquidación á que complementa. En calquera outro caso deberá cubrirse a CEROS.
54-58	Numérica	UBICACIÓN, LUGAR: Consignarase o código postal (sen punto) que corresponda ao lugar no que radique o local no que estea instalada a máquina.
59-88	Alfanumérica	UBICACIÓN, LUGAR: Consignarase o lugar de instalación da máquina. Ubicación física ou enderezo onde se atopa a máquina.
89-97	Alfanumérica	UBICACIÓN, NIF: Consignarase o NIF do titular da explotación do local no que estea instalada a máquina. Cando a máquina non estivera instalada nun local cubrirase a BRANCOS.

## ANEXO VII

### Normas técnicas para a xeración do NRC

A entidade financeira xerará o NRC (Número de Referencia Completo) segundo a segunda Norma Técnica do Anexo 1 da Orde do Ministerio de Facenda, do 28 de decembro de 2000 (BOE do 3 de xaneiro de 2001), correspondente á xeración de NRC para documentos de ingreso expedidos polas Oficinas Tributarias. O NRC xerarase a partir dun rexistro de 48 caracteres codificados en EBCDIC:

- MMMNNNNNNNNDC (14): Número de Xustificante, sendo
  - MMMNNNNNNNNND (13): Número de xustificante asignado pola OVT
  - C (1): Carácter de control calculado polo banco, utilizando o mesmo algoritmo especificado na citada orde. A Oficina Tributaria facilitará á Entidade Colaboradora o algoritmo para o cálculo deste carácter de control.
- XXXXXXXXXX (9): NIF do debedor
- NNNNNNNNNNNN (13): importe de cargo
- AAAAMMDD (8): data de cargo
- XXXX (4): Código de Banco de España da entidade

O Número de Referencia Completo (NRC) resultante terá 22 posicións:

- MMMNNNNNNNNDC (14): Número de Xustificante (o mesmo que o especificado enriba)
- XXXXXXXXXX (8): Carácteres de control resultantes de aplicar unha función MAC 4 do algoritmo DES (segundo norma X9.9-1) aos datos anteriores (48 caracteres) utilizando a clave privada do banco. Esta función xerará 8 caracteres de control; é dicir, a "sinatura".